

**ACTA PLENO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 31 DE MARZO DO 2021.-**

ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Olimpia Marcos García Dna M ^a Victoria Montenegro Paz.. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Lucía Blanco García. D. Luis Cendán Fernández. Dna. Cristina Cadena Freire.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e corenta minutos do día trinta e unde marzo do dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúñese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.
ASISTEN VIDEOCONFERENCIA : Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández Dna. Noelia Montero Candal. D. Emilio Mesías Farías.	
Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.	

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto único.- Resolución alegacións e aprobación orzamento exercizo 2021.

Dáse conta da alegación presentada pola USO de data 14 de marzo do 2021 do seguinte teor litaral:


AL PLENO DE LA CORPORACIÓN MUNICIPAL DEL AYUNTAMIENTO DE ARES

D^a. Lourdes Pedrazuela Bea (lourdes_pedrazuela@fcuso.com), con DNI núm. 50.703.814-S, en representación de la Unión Sindical Obrera (USO), con domicilio en A Coruña, en la Avenida del Ejército, núm. 10 - 1º C (CP 15006), como mejor proceda en derecho, comparece y dice:

Que ha tenido conocimiento de que en la sesión celebrada el 23/02/2021 el Pleno de esa Corporación aprobó inicialmente el Presupuesto Municipal y el Cuadro de Personal para el ejercicio 2021 (BOP A Coruña núm. 37, de 25/02/2021), y que, por tanto, se encuentra en fase de exposición pública, formulo las siguientes:

ALEGACIONES

PRIMERA.- De acuerdo al artículo 162 y siguientes del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales,





CONCELLO DE ARES

(A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

la Unión Sindical Obrera (USO) reúne la condición de interesado en defensa de sus intereses propios, y está legitimada para la presentación de estas reclamaciones -art. 170.1 c)-

SEGUNDA.- Es oportuno destacar que, tal y como se refleja en el Anexo de Personal, se trata de un cuadro de personal en el que, luego de la aprobación de la Relación de Puestos de Trabajo (BOP A Coruña núm. 62, de 31/03/2017), deberán cubrirse definitivamente las pocas plazas que se encuentran vacantes, funcionarizar algunas de las plazas que están ocupadas por personal laboral y deben ser desempeñadas por funcionarios de carrera y proceder a la consolidación/estabilización de los empleados públicos temporales.

TERCERA.- Por último, para prestar servicios de calidad al ciudadano lo más importante en una Administración próxima y cercana al vecino son los empleados públicos (funcionarios y personal laboral)

de una Administración Local, siendo necesario fomentar *la creación de empleo estable y la prestación de un servicio público V de calidad.*

Por todo lo anterior, formulo las presentes ALEGACIONES a la aprobación inicial del Presupuesto Municipal para el ejercicio 2021, por cuanto es necesario cubrir definitivamente las pocas plazas que se encuentran vacantes, funcionarizar algunas de las plazas que están ocupadas por personal laboral y deben ser desempeñadas por funcionarios de carrera y proceder a la consolidación/estabilización de los empleados públicos temporales.

A Coruña, 14 de marzo de 2021

Dáse conta da alegación presentada pola CIG de data 17 de marzo de 2021 que a continuación se transcribe;

AO COIDADO DO ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARES

Carrnen Viso Rubín, no nome de CIG- Administracións Públicas da comarca de Ferrol, fonnula a aprobación provisional dos ORZMIENTOS dese Concello para o ano 2021 as seguintes

ALEGACIONES

Que a través do infonne económico - financeiro do INTERVENTOR do Concello, para orzamento de 2020, este sindicato tivo coñecemento dos, ACORDOS EXTRAXUDICIAIS subscritos polo ALCALDE con varios funcionarios/as do Coricello no que expresamente se lles recoñece a todos eles, e con independencia dos postas que están a desempeñar:

"O DEREITO A IMPLEMENTAR NO COMPLEMENTO ESPECIFICO, A RECOLLER NOS ORZAMENTOS DE 2020, A CANTIDADE DE 102,71 EUROS "MENSUAIS", QUEDANDO MODIFICADA A AVALIACION CORRESPONDENTE".





Que con ctes acordos se esta a MODIFICAR a Relación de Postos de Troballo sen motivación e sea seguirse o procedemeato establecido, adernais de discriminar ao resto dos empregados públicos do Concello.

A Implementación no complemento específico deses acordos extraxudiciais se fai efectiva no Orzamento de 2021 que agora se publica.

Iº.- Detrás dos "acordos extraxudiciais" escondece unha modificación da RPT, previamente negociada, que conta cunha valoración obxectiva de todos os postos, aprobada polo Pleno e publicada no BOP o 31 de marzo de 2017, revisión que se fai sen terse seguido o procedemento legalmente establecido, o que fai que estes acordos sexan nulos de pleno dereito.

2º- O concello de Ares incumpe o artigo 4.º do RCBI Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios/as da Administración Local, xa que se esta **MODIFICANDO O COMPLEMENTO ESPECIFICO, SIN PREVIA E PRECEPTIVA VALORACIÓN.**

Artículo 4.º Complemento específico.


1. El complemento específico está destinado a retribuir las condiciones particulares de algunos puestos de trabajo en atención a su especial dificultad técnica, dedicación, incompatibilidad, responsabilidad, peligrosidad o perniciosa. En ningún caso podrá asignarse más de un complemento específico a cada puesto de trabajo, aunque al fijarlo podrán tomarse en consideración conjuntamente dos o más de las condiciones particulares mencionadas que puedan concurrir en un puesto de trabajo.

2. El establecimiento o modificación del complemento específico exige, con carácter previo, que por la Corporación se efectúe una valoración del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias expresadas en el número 1 de este artículo.

Así, sen a previa existencia de modificación algunha nin na descripción identificativa, nin nas condicións e requisitos de desempeño dos postos, nin na diminución de funcións non se pode defender este acordo extraxudicial porque calquera variación do complemento específico debe estar fundamentada de acordo co disposto nos preceptos citados.

3º.- Non se atopa MOTIVACION para a esta MODIFICACION DA RPT no que a implementación do Complemento Específico se refire. A motivación constitúe un requisito imprescindible en todo acto ou disposición administrativa, tendo en conta que a través dela se exteriorizan as razóns que serven de xustificación ou fundamento á concreta solución xurídica adoptada pola Administración.

E este requisito adquire especial relevancia nos supostos en que os entes públicos exercitan potestades discrecionais o que acontece ao MODIFICAR UNHA RPT, pois iso permite controlar a legalidade da decisión clasificadora ou de valoración dos postos de traballo.





A STSJ do País Vasco de 10 xaneiro de 2003 rcfirese a esta cuestión, e declara que "esa motivadón debe ter o alcance suficiente para que, polo menos, poidan ser obxecto de fiscalización os seguintes extremos:

- a) concorrencia dos distintos elementos regulados que, en virtude das normas aplicables, fosen de observancia preceptiva no procedemento de elaboración da RPT;
- b) a veracidade ou suficiencia dos Jeitos determinantes que operen como presuposto da valoración técnica efectuada;
- c) a concreta aplicación realizada dos conceptos xurídicos indt.'terminados previstos na regulación legal;
- d) a ausencia de vicios determinantes de infracción de valores constitucionais como a arbitrariedade e discriminación.

Doutra banda, a motivación debe atoparse nas propias actuacións que conclúen coa modificación da RPT, é dicir, no expediente administrativo que desemboca no acto final ou disposición que sanciona ou valida este instrumento de ordenación do persoal. Xa que é ali onde, a través dunha valoración global, pode constatarse si hai ou non fundamento do proceder administrativo assumido.

A sentenza do TS DE 21 DE NOVEMBRO DE 2012 - REC. Nº 2579/2011, e a xurisprudencia neta contida, e contundente no seu fundamento sexto in fine, sinaJando:

"EN BASE A ELLO, SE HACE OBLIGADO CONCLUIR QUE LA MODIFICACIÓN OPERADA EN EL PUESTO.... ADOLECE DE LA SUFICIENTE JUSTIFICACIÓN, EN LOS TERMINOS EXIGIDOS POR LA DOCTRINA JURISPRUDENCIAL ANTERIORMENTE REFERECIADA: CO LA LOGICA CONSECUENCIA DE ENTENDER EQUE DICHO CAMBIO ES CONTRARIO AL ORDENAMIENTO JURÍDICO YA A LA QUE LA DISCRECIONALIDAD QUE PUEDA EJERCER LA ADMINISTRACIÓN A LA HORA DE DETERMINAR LAS CARACTERÍSTICAS DE LOS PUESTOS DE TRABAJO HA DE IR ACOMPAÑADA DE UNA MOTIVACIÓN BASTANTE COHERENTE, QUE EXPLIQUE EN QUE RAZONES DESCNSA TAL MODIFICACIÓN EN RELACIÓN A TODAS Y CADA UNA DE LAS CIRCUNSTANCIAS CONCURRENTES, LO QUE NO SE HA PRODUCIDO EN ESTE CASO..."

Outras neste mesmo sentido, son:

- A STS de 27 marzo de 2006 que ratifica a sentenza de instancia que anulou unha RPT por falta de motivación, esgrimindo o Alto Tribunal que en ningún dos infonnes preceptivos emitidos durante a tramitación do procedemento ofrecíasc xustificación algunha.
- A STS de 13 xullo de 2005, que declara que a falta de motivación deriva da propia ausencia dos informes preceptivos que debían preceder á disposición ou acto final en que se concreta ou modifica a RPT, destinados a garantir o seu acerto e oportunidade.

4º.- Porque unido ao anterior tamén se descoñecen os motivos QUE LEVAN A IMPLEMENTAR a mesma cantidade de COMPLEMENTO ESPECIFICO, para postos distintos. E faise unha





"expansión" a outros grupos de titulación e categorías similares que non presentaron demanda xudicial nin chegaron a acordos extrajudiciais. Pero aquí tamén detectámos incoherencias na aplicación deste criterio pois non todos os postos similares cumplirían ese requisito se lles aplica esta modificación, quedando fora dese "efecto expansivo" que se pretende aplicar por parte do concello. O que reforza a falta de motivación e sinala arbitrariedad e discriminación.

A motivación constitúe un requisito imprescindible e adquire especial relevancia nos supostos en que os entes públicos exercitan potestades discrecionais pois permite controlar a legalidade da decisión, impedindo a arbitrariedade.

Outro argumento que nos leva a alegar en contra deste Orzamento 2021 e a previsión contida no informe económico financeiro que fai o interventor respecto a conversión dun posto de C2 a C1, en base a un suposto erro material. Outra vez atopámonos diante dunha modificación da RPT sen seguir as canles e procedementos legais previstos na normativa correspondente. Este sindicato reclamou en múltiples ocasións a aplicación da correspondente categoría profesional a este posto de traballo, pero esta modificación non pode ser feita vía de declaración de erro material ou numérico .

CONCLUSION: Así. sen REVISIÓN DE OFICIO, sen modificación funcional da RPT aprobada (xa que TODOS os componentes do complemento estaban integrados), SIN XUSTIFICACION, NIN OVA VALORACION os incrementos acordados e que se recollen no orzamento de 2021 resultan arbitrarios amén de DISCRIMINATORIOS **VULNERANDO O PRINCIPIO DE IGUALDADE** - ARTS 14 e 23.2 da C.E. así como os principios de **obxectividade e imparcialidade que se predicen polos artigos 103.1 e 103.3 da C.E. respectivamente, teodo eo coota ademais que a modificación do complemento específico afecta taméo, como se di textualmente nos acordos: "polos efectos expansivos a outras prazas".**

Polo cal, o criterio a aplicar para ese incremento adicional do complemento debería ser IGUAL para todos os postos tendo en coota que unha comisión de valoración estableceu obxectivamene os complementos específicos de todos os postos do Concello

Resulta evidente que os acordos extrajudiciais incorporan unha modificación substancial da RPT rompendo o fundamento da valoración de postas de traballo acadada e sendo así este incremento teria que ser consecuentemente o mesmo para todos os postos, do contrario estamos ante una vulneración do principio de igualdad. Polo exposto.

SOLICITO:

Que se leñan por feitas as anteriores alegacións, acordando se respeten no Orzamento 2021 a valoración dos complementos específicos do persoal empregado público recollidos na RPT vixente (BOP 31 de marzo de 2017).

Carmela Viso Rubin
Secretaria





Dáse conta do informe de secretaria “Alegación ao orzamento 2021” de data 25 de marzo de 2021 do seguinte teor litaral;

INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: Alegacións ao orzamento 2021

Antecedentes

Primeiro.- Con data 25 de febreiro de 2021 publicase no BOP a aprobación inicial do orzamento 2021

Segundo.- En tempo e forma son presentadas alegacións por:

USO.

CIG.

CONSIDERACIÓNIS LEGAIS

Primeiro.- Motivos.

De acordo co establecido no art. 169.1 RDLex 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en diante TRLRHL o acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral, exporase ao público, por prazo de 15 días desde o anuncio no boletín oficial da Provincia ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma Uniprovincial, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno; concretando o art. 150.2 TRLRHL que “**unicamente**” poderán establecerse reclamacións contra o orzamento, polos seguintes motivos ou causas:

- a. Por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.
- b. Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c. Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

Por outra banda, os artigos 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 e do Real Decreto 500/1990, dinnos que: «Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o Orzamento:

- a. Por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta Lei.
- b. Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obligacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto Legal ou de calquera outro título lexítimo.





- c. Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto».

Segundo.- Respeto á alegación da USO, a mesma fai referencia a unha necesidade de consolidación/estabilización dos empregados públicos temporales, cuestión que xa foi abordada por informe desta secretaría de agosto de 2018 e do que se acompaña copia do mesmo.

Terceiro.- Respecto ao acordo extraxudicial, segundo reiterado criterio da xurisprudencia do **Tribunal Supremo** (entre outras, cfr. a **Sentenza de 27 de novembro de 1987**) e da doutrina legal do **Consello de Estado** (entre outros, cfr. o **Ditame 764/92, de 9 de xullo, Recopilación de Doutrina Legal de 1992, § 71**) tres son os elementos esenciais do contrato de transacción:

- Unha relación xurídica litixiosa que produce incerteza en relación á súa mesma existencia ou ó seu contido.
- A intención das partes de eliminar tal incerteza, substituíndo a relación xurídica controvertida por outra totalmente certa e clara.
- Outorgamento polas partes de recíprocas concesións.

Reiterar como xa se fixo no informe de 26 de febreiro de 2020 respecto as reclamacións ao orzamento 2020, que respecto ao procedimento, debe recordarse, de acordo coa doutrina do **Consello de Estado (Dictamen núm. 42.868, de 23 de decembro de 1980, Recopilación de Doctrina Legal de 1979-80, § 26)**, que non existe na lexislación administrativa aplicable un procedemento formal completo para alcanzar a transacción, nin un sistema de reglas de fondo que deban de terse obligatoriamente presentes, por canto, si ben é un contrato da Administración e administrativo, a teor das reglas do art.5.2 da Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos do Estado, segundo o art. 54 do Regulamento Xeral de Contratos de 1975, aplicable en canto non se oponga a aquela Lei -de acordo coa súa Disposición Derogatoria Unica, 1.b)- as transaccións da Administración se regulan pola lexislación especial; hoxe en día artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamiento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014:

Artículo 34 Libertad de pactos

En los contratos del sector público podrán incluirse cualesquiera pactos, cláusulas y condiciones, siempre que no sean contrarios al interés público, al ordenamiento jurídico y a los principios de buena administración.

En materia de procedimento non son, pois, esixibles outras reglas que as derivadas dalgúns dos principios xerais do procedimento administrativo común que, no presente caso, se concretan na simplicidade e eficacia do procedimento (trasunto dos de economía procesal e contradicción) ao obxeto de alcanzar a vontade de transixir que parece existe nas partes, sen prexuízo da salvaguarda do interés público, fin inherente á actividade da Administración Pública.





A inexistencia de regulación sustantiva das transaccións posibles na Administración explica, no marco da liberdade contractual e pacticia recoñecida nos arts. 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, e 86, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas, que non existan máis límites para as partes que os impostos pola posibilidade mesma de transixir («materias non susceptibles de transacción», comprendidos nos art. 86.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, en relación coa terminación convencional dos procedimentos)

Cuarto.- A medio de escrito de 05-02-2020 a CIG presentou alegacións ós orzamentos 2020, entre cuios motivos facian referencia ó acordo extrajudicial.

Quinto.- O artigo 28 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sinala que non é admisible o recurso contencioso-administrativo respecto dos actos que sexan reprodución doutros anteriores definitivos e firmes e os confirmatorios de actos consentidos por non ser recorridos en tempo e forma. Precepto que vén ser unha copia literal do artigo 40.a) da antiga Lei do 27 de decembro de 1956.

Dita causa de inadmisibilidade foi interpretada pola xurisprudencia, en múltiples sentenzas que constitúen unidade de doutrina, no sentido de que un acto é reproducción ou confirmación doutro anterior consentido e firme cando concorren os seguintes requisitos:

- a. Que o contexto de ambas as decisións sexa idéntico, de tal modo que o da segunda reproduza o da primeira;
- b. Que ambas se ditaron en presenza dos mesmos feitos e en forza de iguais argumentos;
- c. Que a segunda recaia sobre pretensións resoltas dun modo executivo pola resolución anterior e con relación a idénticos interesados;
- d. Que na ditada ultimamente non se amplíe a primeira con declaracóns esenciais nin por distintos fundamentos.

Por todas as seguintes Sentenzas:

- STSJ de Cantabria (Sala de lo Contencioso-Administrativo) de 27 de xaneiro de 1997; Recurso Contencioso-Administrativo n.º 107/1996; Ponente: García Gil.
- STSJ de Navarra (Sala de lo Contencioso-Administrativo) de 15 de abril de 1997; Recurso Contencioso-Administrativo n.º 341/1994; Ponente: Merino Zalba.
- STSJ de Cantabria (Sala de lo Contencioso-Administrativo) de 15 de decembro de 1997; Recurso Contencioso-Administrativo n.º 762/1997; Ponente: Navarro Sanchís.
- STSJ de Cantabria (Sala de lo Contencioso-Administrativo) de 14 de xaneiro de 1999; Recurso Contencioso-Administrativo n.º 504/1997; Ponente: Marijuán Arias.
- STS (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 7.ª) de 29 de xaneiro de 1999, Recurso de Apelación n.º 3324/1992; Ponente. Goded Miranda.





- STSJ de Murcia (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 2.^a) de 30 de xuño de 1999; Recurso Contencioso-Administrativo n.º 269/1997; Ponente: Rueda Jover.
- SAN (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 7.^a) de 20 de setembro de 1999; Recurso n.º 178/1998; Ponente: Ortega Martín.
- STS (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 5.^a) de 23 de setembro de 1999; Recurso de Casación n.º 2225/1993; Ponente: Yagüe Gil.
- STS (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 4.^a) de 31 de maio de 2002; Recurso de Casación n.º 2769/1996; Ponente: Baena de Alcázar.
- STS (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 7^a) de 5 de xullo de 2002; Recurso de Casación n.º 5636/1997; Ponente: Maurandi Guillén.

Nos atopamos ante a figura do acto confirmatorio dado que a segunda decisión administrativa non representa a máis mínima novedade respecto da primeira, da que debe constituír unha simple reiteración, de tal maneira que a identidade entre ambas as sexa absoluta para poder entender que a decisión posterior revela un aquietamiento coa anterior, aínda que non se esixa unha coincidencia literal entre as dúas.

Sexto.- Na súa virtude a xuízo do que suscribe procede tomar coñecemento da alegación da USO e inadmitir a alegación da CIG, se ben sería aconsellable tomar en consideración determinados aspectos da súa alegación vía negociación así como xa se sinalou tamén no informe de 26-02-2020, recoñecer efectos expansivos para situacóns de renuncia voluntaria-desestimento nas mesma subescala.

Ares, a 25 de marzo de 2021.

O Secretario,

Sometida a votación as alegacións presentadas polos sindicatos CIG e USO, o pleno do concello en votación ordinaria por maioría de votos 8 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL), e 5 en contra (3 PP, 2 BNG), acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia:

Primeiro.- Admitir as alegacións por estar presentadas en tempo e forma.

Segundo.- Tomar razón da suxestión presentada polo sindicato USO.

Terceiro.- Desestimar a alegación presentada polo sindicato CIG.

Cuarto.- Aprobar con carácter definitivo o orzamento correspondente ó exercicio 2021, e publicar o acordo de aprobación definitivo resumido por capítulos no BOP.





CONCELLO DE ARES

(A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e doce minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

